

GOODBYE BERLIN

[Fatih Akin, 2016]

231

ESTREA EN NUMAX: 19.05.2017 | V.O.S.E. | +12

Tschick (2016, 97')

Dirección: Fatih Akin

Guión: Hark Bohm, Lars Hubrich (Novela: Wolfgang Herrndorf)

Elenco: Tristan Göbel, Anand Batbileg, Nicole Mercedes Müller, Sammy Scheuritzel, Bella Bading, Max Kluge, Florian Wihstutz

Son: Kai Lüde

Montaxe: Andrew Bird

Fotografía: Rainer Klausmann

Música: Vince Pope

Produtoras: Lago Film (Alemaña)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idiomas orixinais: Alemán

PREMIOS E FESTIVAIS

Premios EFA (Academia do Cinema Europeo, Público Mozo), Premios Bavarian (Mellor filme sobre a xuventude)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

El padre, 2014

Soul Kitchen, 2009

Al otro lado, 2007

Contra la pared, 2004

Solino, 2002

En julio, 2000

Corto y con filo, 1998

SINOPSE

Maik, un mozo de 14 anos marxinado pola súa clase, medra no seo dunha familia rica e disfuncional en Berlín. Durante as vacacións de verán, a súa alcólica nai ingresa en rehabilitación mentres seu pai se ausenta coa súa axudante por unha presunta viaxe de negocios. Maik está só en casa, na súa piscina, até que un novo compañeiro de clase chamado Tschick, mozo inmigrante ruso, aparece cun coche roubado. Xuntos lánzanse á estrada sen plan aparente.

«O filme de Akin é o seu traballo máis competente até a data, unha historia iniciática que é efectiva, pero tamén, sorprendentemente clásica»

Boyd van Hoeij, THE HOLLYWOOD REPORTER



“O rock sempre foi a música dos marxinados”

Conversa con Fatih Akin

Está afeito a filmar guións que escribiu. Que significou facer un filme a partir dunha novela? Desde que existen as adaptacións cinematográficas de obras literarias, hai pros e contras. Peseoalmente creo que *El nombre de la rosa* (Jean-Jacques Annaud, 1986) ou *El resplandor* (Stanley Kubrick, 1980) son magníficas, a pesar de afastarse bastante do orixinal. A novela *Goodbye Berlín* é moi cinematográfica. Abonda con ler o blog do seu autor, Wolfgang Herrndorf, para nos decatarmos de que lle gusta o cinema. Para algúns é cando Maik di: «A xente é mala. Pode que sexa verdade e que o 99 por cento da xente sexa mala, pero o estraño é que na nosa viaxe, Tschik e eu só coñecemos a persoas do un por cento bo». Moitos dan grande importancia a esa frase, é moi do estilo de Waldorf e Montessori. Peseoalmente non o vexo así. O que máis me interesou foi un mozo namorado dunha moza da súa clase que non lle fai caso, mais vive unha grande aventura e cando volve, ela repara nel. Para daquela, a el dálle totalmente igual. Seino porque o teño vivido.

Os personaxes femininos adoitan ter moita importancia nos seus filmes. Na

vida de Maik están a súa nai, Tatiana e Isa, mais ningunha das tres ocupa un lugar moi importante, e en certo modo son inalcanzábeis. Que teñen que ver con el? Para un adolescente que o pasa mal, as mulleres sempre son inalcanzábeis. Síntome bastante orgulloso do personaxe da nai. Ao escribir o guiión dos meus filmes teño uns cantos personaxes femininos ás miñas costas. Neste caso, conmoveume o alcolismo da nai. Coñezo a moitos alcólicos. Mais non quería ser fatalista nin moralista. Tiña que ser unha muller divertida e sexy. Maik non sofre directamente pola adición da súa nai, lévase moi ben. Mais como contalo? Para iso abondaron unhas poucas escenas coa nai. Ademais, Anja Schneider é unha actriz notábel. Coido que non será a última vez que traballemos xuntos.

Na novela, Maik fantasea con fuxir con Mona porque é unha axente secreta e axiña se pon a chorar. No filme, a fantasía convértese nun asinato. A fantasía da axente secreta era complexa de máis para un filme. Quería manter a fantasía con Mona, mais cambiando o contido. Segundo o que describe Wolfgang Herrndorf, a fantasía nace porque Maik non soporta que seu pai pasee con ela polo xardín collidos da man.

Até que punto ten que ver este filme con novelas como *Las aventuras de Tom Sawyer*, *Las aventuras de Huckleberry Finn* ou *El guardián entre el centeno*? Son irmáns, ou mellor dito, é a súa neta. Hoxe en día, as historias de adolescentes como protagonistas son

bastante fantasiosas, como *Transformers* (Michael Bay, 2007) ou *Los juegos del hambre* (Gary Ross, 2012). Antes estaban ancorados na realidade, por exemplo, *Cuenta conmigo* (Rob Reiner, 1986), *El club de los cinco* (John Hughes, 1985) e *La ley de la calle* (Francis Ford Coppola, 1983). O filme recolle esta tradición. A iniciación, o paso da adolescencia á madurez é un dos meus xéneros favoritos. Alégrome de que xa existise a novela porque non tivemos que comezar desde cero.

A música do filme é bastante ecléctica. Cal foi a súa intención, dar máis pistas sobre os personaxes, subliñar certos contrastes? Aínda que a novela conta a historia desde a percepción de Maik, non se sabe moito del, agás que fai boomerangs. Non sabemos que le, que cinema lle gusta, nin a roupa que leva. Só menciona unha vez a música que escoita. Canto está no xardín oíse a White Stripes. Non lle gusta Beyoncé, mais si Tatiana. Non quería incluír os grupos que me gustan como Foo Fighters ou Queens of the Stone Age, decanteime por algo máis contemporáneo. Os noventa están volvendo a poñerse de moda, así que lles dixen aos membros da equipa de vestiario e de maquillaxe que Maik debía ser como un roqueiro grunge cun corte de pelo ao Kurt Cobain. O rock clásico sempre foi a música dos marxinados aos que non lles van os deportes.

Publicado en www.golem.es/distribucion/index.php
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Goodbye Berlin, Wolfgang Herrndorf.
Siruela, 2014

Las aventuras de Tom Sawyer,
Mark Twain. Siruela, 2011

Las aventuras de Huckleberry Finn,
Mark Twain. Debolsillo, 2013

El guardián entre el centeno,
J.D. Salinger. Alianza, 2016

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

